



Infeccións de transmisión sexual (ITS)





CON ESTA PUBLICACIÓN
QUEREMOS:

Informar e non asustar.

Promover o dereito humano
á saúde sexual sen riscos,
recoñecido pola Organización
Mundial da Saúde.

Fomentar que se fale de
saúde sexual coa parella e
co médico.

¿Que son as infeccións de transmisión sexual?

Son infeccións que as persoas poden adquirir cando teñen contactos sexuais vaxinais, anais ou buco-xenitais. Tamén se poden transmitir durante o embarazo e o parto.

Todas as persoas activas sexualmente están expostas a contraer unha infección de transmisión sexual.

Se sospeita que ten unha infección de transmisión sexual debe acudir ao médico, non ocultalo nin avergonzarse.

Débese acudir ao médico se se tiveron relacións sexuais de risco, é dicir, sen utilizar preservativo.

As ITS non producen inmunidade. Unha vez tratadas e curadas pode volver a aparecer a infección.

Algunhas infeccións xenitais non se collen por transmisión sexual.

¿Son perigosas?

A maioría destas infeccións, tratadas adecuadamente, curan e non teñen complicacións.

O principal problema destas infeccións é que moitas veces non dan síntomas ou son leves e pasan desapercibidas, o que fai difícil a súa identificación.

Se non se tratan, as ITS poden producir consecuencias graves tales como esterilidade, abortos, problemas no embarazo, transmisión ao fillo, cancro de colo de útero, enfermidade inflamatoria pélvica, cancro de próstata, lesións cardíacas, enfermidades do sistema nervioso, etc.

Unha das ITS máis perigosa é a infección polo VIH/sida que, ademais, pode ser facilitada por outras ITS.

¿Son moi frecuentes?

Nos últimos anos están aumentando moito.

Non se coñecen as cifras exactas porque moitas infeccións non dan síntomas.

As explicacións a este incremento son:

O inicio máis cedo nas relacións sexuais, un maior número de parellas sexuais, escasa formación en sexualidade, a falsa seguridade en que a nós non nos vai pasar nada, a vergoña de acudir ao médico.

O turismo, a prostitución, as migracións e a internet favorecen as relacións sexuais sen protección.

Os avances nos tratamentos actuais da infección VIH/sida poden levar a un aumento de confianza e a unha relaxación na utilización do preservativo, pero polo da agora non existe un tratamento curativo nin vacina fronte ao VIH/sida.

¿Como se poden evitar as infeccións de transmisión sexual?

Nas relacións sexuais o método de prevención das ITS máis eficaz é o preservativo, masculino ou feminino.

O importante é utilizar correctamente o preservativo en todas as relacións sexuais.

Se se ten unha ITS ou se sospeita que se ten, non deben terse relacións sexuais ata cumprir o tratamento e confirmar a curación.

Informar as parellas sexuais dos últimos seis meses: para evitar a transmisión das enfermidades e evitar volver infectarse.

¿Cales son as ITS máis comúns?

Sífilis

Gonococia

Clamidia

VIH/sida

Condiloma acuminado / virus do papiloma humano (VPH)

Herpes xenital

Hepatite B

Tricomonas

Parasitos: sarna e piollos patos

Sífilis

É unha infección causada pola bacteria *Treponema pallidum*.

Transmítese por vía sexual (vaxinal, anal ou oral), sanguínea e de nai a fillo durante o embarazo e parto (sífilis conxénita).

Nos últimos anos están aumentando os casos. Ás veces preséntase conxuntamente coa infección VIH/sida, xa que se potencian mutuamente.

A enfermidade pasa por tres fases:

Sífilis primaria: despois do período de incubación, de 9 a 90 días, aparece un vulto que logo forma o chancro, con bordos duros, secreción purulenta e que non é doloroso. Adoita situarse nos xenitais, e ás veces no ano ou na boca. O chancro cura espontaneamente ás 4 ou 6 semanas, pero sen tratamento a enfermidade continúa.

Sífilis secundaria: se non se trata a sífilis primaria, na metade dos infectados a enfermidade queda sen síntomas, na outra metade, ao cabo de

6 a 8 semanas, aparecen febre, dores musculares, malestar xeral, ganglios inflamados, unha erupción de manchas e pápulas (graos) rosadas e simétricas por todo o corpo, a roséola sifilítica, incluso nas palmas das mans e nas plantas dos pés, que non dan proído.

Sífilis terciaria: se non se trata a sífilis primaria e secundaria, ao cabo de 2 a 6 anos evoluciona con lesións moi destrutivas no sistema nervioso, cardiovascular e óseo articular.

Pódese curar con antibióticos, máis facilmente na fase primaria.

Todas as parellas sexuais nos tres últimos meses deben ser informadas e posiblemente tratadas.

Gonococia

Tamén coñecida como gonorrea, blenorrxia ou purgacións.

É unha infección transmitida por contacto sexual causada pola bacteria *Neisseria gonorrea* (gonococo).

Afecta sobre todo a uretra (conduto urinario), colo uterino, ano e farinx.

No home aos 2-6 días do contacto produce unha uretrite (inflamación da uretra), con secreción de pus (a “purgación”), proído e dor ao urinar.

Na muller pode non ter síntomas ou presentar secreción purulenta na vaxina, proído e dor ao urinar.

Na infección do recto notarase proído anal, dor rectal, moco nas feces, sangrados ou estrinximento intestinal.

Manter sexo oral cunha persoa enferma pode provocar unha farinxite gonocócica.

Sen tratamento, a gonococia pode producir: artrite, esterilidade, dor no pene, enfermidade inflamatoria pélvica. Nos neonatos de nais infectadas pode producir cegueira e conxuntivite.

O tratamento é con antibióticos.

Clamidia

Infección causada pola bacteria *Chlamydia trachomatis*. É das máis frecuentes entre as infeccións de transmisión sexual.

A maioría das persoas afectadas son mulleres menores de 25 anos.

No home pode afectar a uretra con supuración clara, dor ao urinar e síntomas de epididimite (inflamación dos canos do seme) e prostatite. Nun 25% dos casos non dá síntomas.

Na muller os síntomas son menos específicos pero con peores consecuencias: cervicite mucopurulenta, supuración vaxinal, dor abdominal, sangrado despois do coito vaxinal e entre as regras, enfermidade inflamatoria pélvica, ou dor crónica pélvica. No 70% dos casos non dá síntomas.

Tanto nos homes como nas mulleres pode producir secreción e malestar anorrectal, conxuntivite ou dor nas articulacións.

O tratamento é con antibióticos e deben tratarse tamén as parellas sexuais dos dous meses anteriores, aínda que non teñan síntomas.

VIH/sida

A síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) é unha enfermidade infecciosa de longa evolución causada polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH).

O VIH pode transmitirse se se teñen relacións sexuais sen protección con persoas infectadas. A presenza doutras infeccións de transmisión sexual e un maior número de parellas sexuais aumenta o risco de transmisión.

O preservativo é o método máis eficaz para evitar a transmisión sexual do VIH e doutros axentes infecciosos.

Na actualidade, polo menos, o 25% das persoas infectadas polo VIH non saben que o están, polo que é recomendable facer a proba do VIH/sida se se teñen prácticas sexuais de risco (relacións sexuais sen preservativo).

Os tratamentos actuais melloraron dun modo moi importante a calidade e a esperanza de vida das persoas afectadas, pero aínda non existe un tratamento curativo.

Condilomas acuminados / virus do papiloma humano

Infección causada polo virus do papiloma humano (VPH). Hai moitos tipos e algúns deles producen cancro de colo de útero, de vaxina, vulva, pene ou ano.

En moitas ocasións non producen síntomas; o máis característico son as verrugas xenitais que aparecen entre un e tres meses despois da infección e que poden producir, sobre todo nas mulleres, próido.

Na muller estas verrugas localízanse na vaxina, colo uterino, zona perianal e vulva. No home localízanse no freo, glande, prepucio e zona perianal.

Son moi difíciles de tratar, pero hai que facelo para evitar as reinfeccións.

O uso constante e correcto do preservativo reduce o risco de transmisión do VPH.

A vacinación fronte ao VPH, antes do inicio das relacións sexuais, prevén o cancro de colo de útero.

Herpes xenital

Infeción causada polo virus herpes simple (VHS).

Hai dous tipos. O tipo 1, habitualmente asociado ás infeccións dos labios, boca e cara, e o tipo 2, que se transmite por contacto sexual e produce úlceras e chagas nos xenitais.

As chagas e úlceras producen dor e picores arredor dos xenitais. Os síntomas xerais son parecidos aos da gripe.

Os portadores do VHS poden sufrir abrochos esporádicos en situacións de estrés.

O tratamento con antivirais diminúe os síntomas e o número de abrochos.

Hepatite B

É producida polo virus da hepatite B (VHB) que se adquire por relacións sexuais (vaxinais, anais ou orais) desprotexidas. Tamén se adquire polo contacto con sangue infectado. Unha nai infectada pode transmitirla ao seu fillo durante o embarazo, o parto ou nos días seguintes.

As manifestacións da hepatite B poden ser fatiga, malestar, dor nas articulacións, músculos, cabeza, e ictericia. Tamén pode non dar síntomas.

Se a infección se cronifica a persoa pode transmitir a hepatite B toda a vida.

Non existe un tratamento curativo pero hai unha vacina eficaz que na Comunidade Autónoma de Galicia está no calendario vacinal infantil desde o ano 1994.

As persoas non vacinadas e con relacións sexuais non protexidas deben vacinarse no seu centro de saúde.

Tricomonas

Causada por un protozoo parasito, a *Tricomona vaginalis*.

Infección xenital moi frecuente.

Afecta sobre todo as mulleres, causando fluxo vaginal abondoso, de cor amarela verdosa ou gris verdosa, fedorento e prouro vulvar intenso.

En moitos casos non dá síntomas.

O tratamento é sinxelo e as parellas sexuais deben tratarse, aínda que non teñan síntomas, para evitar a propagación da infección.

Parasitos

Sarna ou raña. Causada por un ácaro. Produce un prouro cada vez máis intenso. Afecta a pel con pregamentos. Tratamento con locións específicas. Deben tratarse todas as parellas sexuais.

Piollos patos: producidos por uns parasitos que viven na peluxe púbica. Tamén chamada pediculose. Obsérvanse xeralmente os ovos (lendas) pegados ao pelo. A transmisión é por contacto físico moi estreito. O síntoma máis frecuente é o prouro.

Trátanse con locións e xabóns antiparasitarios.

O QUE NON SE DEBE ESQUECER NAS ITS

Utilizar nas relacións sexuais sempre e correctamente o preservativo.

As ITS transmitense entre persoas, polo que sempre hai que informar os contactos sexuais.

Unha única relación sexual sen protección pode chegar para a transmisión.

As ITS non producen inmunidade, polo que unha destas infeccións pode collerse varias veces ao longo da vida.

Visitar o médico se se teñen prácticas sexuais sen protección ou se se nota algún síntoma.

Non automedicarse.

Consellería
de Sanidade

Dirección Xeral
de Saúde Pública

Información divulgativa

PARA MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dirección Xeral de Saúde Pública

Servizo de Control de

Enfermidades Transmisibles

Edificio Admtvo. San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 881 54 29 60

Fax 881 54 29 70

<http://dxsp.sergas.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE